

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

18614 *Real decreto 749/2019, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento do Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local.*

A reforma administrativa, derivada do estudo realizado no seo da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas e da liña que establece o Programa nacional de reformas de España para 2015, materializouse en diversas medidas de racionalización, que foron aprobadas mediante acordos de Consello de Ministros e outras disposicións normativas como a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e culminou, entre outras, coa aprobación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Esta última configura, con carácter básico, para todas as administracións o Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local como un rexistro público administrativo que garante a información pública relativa a todas as entidades integrantes do sector público institucional, calquera que sexa a súa natureza xurídica. A integración, xestión do Inventario e a súa publicación atribúense á Intervención Xeral da Administración do Estado, dada a súa traxectoria na análise, na elaboración e no mantemento do Inventario do sector público estatal, así como no seguimento de entes que se agrupan no dito sector como sistema de información básico para o exercicio das funcións que, entre outras normas, lle encomenda a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Desta forma, os titulares do máximo órgano de dirección das entidades pertencentes ao sector público institucional teñen a obriga de notificar, a través da Intervención Xeral da Administración correspondente, os actos de creación, transformación, fusión, extinción ou modificación para a súa inscrición no Inventario. Este rexistro permitirá contar con información completa, fiable e pública do número e dos tipos de organismos e entidades públicas existentes en cada momento.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto regula o funcionamento do Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local, ao desenvolver as súas funcións, estrutura, funcionamento e efectos, de acordo coas liñas enunciadas nos artigos 82 e 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que o configuran como un instrumento omnicompreensivo do conxunto de entidades que integran o sector público, reunindo a información máis relevante relativa a cada unha delas, como é a información actualizada sobre a súa natureza xurídica, finalidade, fontes de financiamento, estrutura de dominio, de ser o caso, a condición de medio propio, réximes de contabilidade, orzamentario e de control, así como a clasificación en termos de contabilidade nacional. Todo isto contribuirá, sen dúbida, a mellorar a seguridade xurídica do tráfico xurídico-administrativo, ao mesmo tempo que mellora a adecuada coherencia que debe existir con outras bases de datos do sector público autonómico e local que seguirán xestionando os órganos competentes da captación, coordinación e xestión da información económico-financeira das comunidades autónomas e entidades locais, e para a aplicación e o seguimento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e a súa normativa de desenvolvemento.

O real decreto contén un artigo único que dispón a aprobación do regulamento, tres disposicións adicionais, dúas transitorias e tres derradeiras, e axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Respecto ao principio de necesidade, a norma adecúase a un obxectivo de interese xeral: o de configurar, con carácter básico para todas as administracións, o Inventario de

entidades do sector público estatal, autonómico e local como un rexistro público administrativo que garante a información pública relativa a todas as entidades integrantes do sector público institucional, calquera que sexa a súa natureza xurídica, permitindo, polo tanto, que os cidadáns dispoñan dunha información completa sobre os entes públicos existentes e a súa actividade efectiva.

Respecto do principio de eficacia, a norma é o instrumento máis adecuado para aclarar o alcance das obrigas previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O regulamento é coherente tamén co principio de proporcionalidade. É o medio necesario e suficiente para desenvolver o mandato legal. Contén a regulación imprescindible para completar as previsións da lei que desenvolve, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

O principio de seguridade xurídica tamén se cumpre. O regulamento concreta os trámites e os prazos que deberán seguir as entidades incluídas no sector público institucional para inscribiren os distintos actos no Inventario, dotando de certeza e claridade a materia regulada, e é coherente co resto do ordenamento xurídico.

O regulamento tamén supón unha mellora do principio de transparencia, ao inscribir no Inventario, con carácter obrigatorio, a creación, transformación, fusión ou extinción de todo organismo ou entidade dependente de calquera Administración, logo de solicitude por parte de cada unha das entidades, contribuíndo a modernizar e racionalizar o sector público español.

Por último, o regulamento axústase ao principio de eficiencia, a través da implantación dun único Inventario con información coordinada de todas as administracións, coa consideración de rexistro público e xestionado por un único centro directivo.

O regulamento ten un contido tanto organizativo como procedemental ao regular suficientemente as actuacións rexistras, así como os instrumentos, soportes e mecanismos a través dos cales estas se deberán levar a cabo. Comeza abordando a configuración do Inventario como un rexistro, para regular posteriormente as distintas formas de efectuar as inscricións. En concreto, estrutúrase en catro capítulos, mediante os cales se establecen as disposicións xerais e os principios reitores; ordénanse a organización e o funcionamento do Inventario e régúlase o procedemento de inscrición.

O capítulo I recolle as disposicións xerais do Inventario, referidas ao obxecto, ámbito subxectivo e obxectivo, así como á publicación do Inventario.

Os capítulos II e III fan referencia á organización e ao funcionamento do Inventario, configurado como un rexistro público.

Por último, o capítulo IV regula a información que cómpre remitir e o procedemento de inscrición no Inventario.

Durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios, ao ter consultado as comunidades autónomas e entidades locais que se ven afectadas pola regulación que esta norma contén.

Este real decreto dítase en desenvolvemento dos artigos 82 e 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e en exercicio da habilitación legal contida na súa disposición derradeira décimo quinta.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, logo de aprobación da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de funcionamento do Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local (Invente), que se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Outra información para publicar co Inventario.*

1. Adicionalmente á publicación do Inventario das entidades do sector público institucional, a Intervención Xeral da Administración do Estado captará e proporcionará información homoxénea, de forma separada e independente, sobre:

a) A parte do sector público relativa á Administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas e ás entidades que integran a Administración local.

b) As entidades que, non incluídas no Inventario por non teren a consideración de sector público institucional conforme o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, estean participadas polo sector público ou sexan clasificadas como axentes do sector público polas institucións competentes en materia de contabilidade nacional.

2. As fontes desta información serán, por un lado, as dispoñibles na Intervención Xeral da Administración do Estado, consecuencia do exercicio das súas funcións, así como a información subministrada pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Facenda derivada da información económico-financeira dispoñible en cumprimento do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o resto de normativa de desenvolvemento da mencionada lei orgánica, que debe ser remitida, tan pronto como se reciba da Administración autonómica e local, á Intervención Xeral da Administración do Estado para efectos da clasificación das unidades en termos de contabilidade nacional. Adicionalmente, a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Facenda cederá á Intervención Xeral da Administración do Estado datos relativos ás intervencións da Administración autonómica e local.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto de persoal.*

A aplicación deste real decreto non suporá incremento de gasto público. En particular, as medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Facúltase o titular da Intervención Xeral da Administración do Estado para, no ámbito das súas competencias, aprobar mediante resolución os requirimentos da aplicación informática para presentar as solicitudes de inscrición e levar a cabo as inscricións no Inventario.

As ditas resolucións serán obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria primeira. *Adecuación do Inventario ao disposto neste real decreto.*

1. O Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local actualmente existente disporá de tres meses, desde a entrada en vigor deste real decreto, para adecuar a súa organización interna ao disposto nel. A adecuación será realizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado, como órgano competente para levar a integración, xestión e publicación do Inventario, de conformidade co establecido no Real decreto 1113/2018, do 7 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda.

2. Para estes efectos, no prazo de tres meses, unha vez concluída a adecuación do punto anterior, as entidades inscritas deberán validar e, de ser o caso, actualizar a súa situación rexistral conforme os procedementos previstos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Inscripcións de datos relativos a entidades preexistentes no momento da entrada en vigor do real decreto.*

A información inicial que cómpre incorporar ao Inventario, configurado como un rexistro administrativo, será a proveniente do actual Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local, que terá carácter provisional ata que a dita información adquira carácter definitivo mediante a validación e, de ser o caso, actualización por parte dos titulares do máximo órgano de dirección de cada entidade.

A cada unha das entidades incluídas na carga inicial asignaráselle un código e un expediente, no cal se fará constar toda a información dispoñible no Inventario.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e apróbase ao abeiro do disposto nos números 13, 14 e 18 do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a ministra de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO INVENTARIO DE ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO ESTATAL, AUTONÓMICO E LOCAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local, así como a súa organización, funcións e procedemento de inscrición.

2. O Inventario configúrase como un rexistro público, de carácter administrativo, que garante a información pública e a ordenación de todas as entidades integrantes do sector público institucional, calquera que sexa a súa natureza xurídica, e queda suxeito aos seguintes principios de actuación:

- a) Lexitimación: o contido das inscricións presúmese exacto e válido, ao outorgar certeza e seguridade sobre os datos que para cada entidade están inscritos no Inventario.
- b) Tracto sucesivo: para inscribir actos modificativos ou extintivos doutros outorgados con anterioridade será necesaria a inscrición previa destes.

- c) Integridade: correspóndelle o tratamento do contido dos asentos e velar por que se apliquen as medidas adecuadas para impedir a súa manipulación.
- d) Publicidade: o contido do Inventario é público.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

O Inventario incluírá a inscrición de todas as entidades integrantes do sector público institucional, calquera que sexa a súa natureza xurídica e ámbito territorial, de acordo coa definición prevista no artigo 2.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo e publicación do Inventario.*

1. No Inventario realizaranse as seguintes inscricións:

- a) De creación, transformación, fusión, liquidación ou extinción de calquera entidade integrante do sector público institucional.

Considerarase asimilada ao acto de creación a adquisición sobrevida da condición de entidade integrante do sector público institucional.

- b) De calquera modificación do contido dos datos do Inventario.

2. Conservarase copia dos actos, negocios xurídicos e documentos relativos ás inscricións practicadas no Inventario que garanta dispor de información completa, fiable e pública do número e dos tipos de organismos públicos e entidades existentes en cada momento.

3. O Inventario publicarase no portal da internet da Intervención Xeral da Administración do Estado e será accesible por calquera usuario. A súa actualización realizarase de forma continua, a medida que se vaian inscribindo os datos nel. A información do Inventario tamén será accesible para calquera usuario a través da Central de información económico-financeira.

CAPÍTULO II

Organización do Inventario

Artigo 4. *Dependencia e xestión do Inventario.*

1. A integración e xestión do Inventario, así como a súa publicación, dependerán da Intervención Xeral da Administración do Estado, tal e como se establece no artigo 82 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. Para as súas funcións como rexistro, xestión dos procedementos, práctica e xestión dos asentos rexistrados, así como para o almacenamento da información, utilizará sistemas baseados en tecnoloxías da información e das comunicacións.

Artigo 5. *Estrutura do Inventario.*

O Inventario ordenará e integrará a súa información, en soporte electrónico, a través de:

- a) Rexistro das solicitudes de inscrición. Estará constituído polos asentos producidos como consecuencia das solicitudes de inscrición recibidas.
- b) Libro de inscricións. Nel efectuaranse as inscricións unha vez obtida a resolución favorable. As inscricións terán unha numeración correlativa e identificarán cada entidade.
- c) Arquivo de entidades. Estará constituído pola listaxe de todas as entidades do sector público institucional inscritas, ás cales se lles asignarán un código e un expediente. A dita listaxe conterá a información básica recollida no artigo 9, procedente do libro de inscricións.

Artigo 6. *Formación e custodia do arquivo de entidades.*

1. O arquivo de entidades estará formado por un expediente por cada entidade inscrita.

2. No expediente de cada entidade incluírase unha ficha coa información recollida no artigo 9 e a documentación de depósito obrigatorio, así como aqueles documentos xustificativos que servisen de soporte para realizar as inscricións e aqueles outros complementarios que, ao xuízo do responsable do Inventario previsto no artigo 7, proceda conservar.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado adoptará as medidas de seguridade necesarias para garantir a conservación e integridade da información contida no arquivo de entidades.

Artigo 7. *Responsable do Inventario.*

1. Será responsable do Inventario o titular da Subdirección Xeral da Intervención Xeral da Administración do Estado á cal lle que correspondan a integración, xestión e publicación do Inventario, de conformidade co correspondente real decreto de estrutura orgánica básica.

2. Ao responsable do Inventario correspóndelle cualificar os documentos presentados para inscrición procedentes do sector público institucional, resolver o procedemento de inscrición, realizar os asentos e facer efectiva a publicidade do contido.

Artigo 8. *Certificación da inscrición.*

1. O responsable do Inventario expedirá certificacións de calquera inscrición mediante un selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado dos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro. Os certificados de inscrición son o único medio de acreditar fidedignamente o contido da inscrición no Inventario e dos documentos depositados.

2. As certificacións solicitaráseas electronicamente o interesado ante a Intervención Xeral da Administración do Estado e expediranse no prazo máximo de dez días hábiles, contados desde a data da súa presentación.

CAPÍTULO III

Funcionamento do Inventario

Artigo 9. *Contido do Inventario.*

1. Para cada entidade incluíranse os seguintes datos:

a) Denominación, nome comercial ou abreviatura, así como o histórico de denominacións.

b) Número de identificación fiscal (NIF) e nacionalidade.

c) Código asignado polo Inventario, código directorio común de unidades orgánicas e oficinas (DIR3) e, de ser o caso, o código identificador do ámbito de que proceda a información.

Coa finalidade de garantir que toda entidade do Inventario teña asociado o seu código do directorio común de unidades orgánicas e oficinas, sincronizaranse o Inventario e o directorio DIR3, e estableceranse sistemas automáticos de actualización entre ambos os sistemas.

d) Natureza xurídica.

e) Ámbito e adscrición ou tutela á Administración pública correspondente, especificando, de ser o caso, o criterio de adscrición.

f) Datos postais, sitio web e, de ser o caso, sede electrónica.

g) Clasificación e órgano que exerce o control en termos de contabilidade nacional.

h) Datos de alta, baixa ou modificación, de ser o caso, así como a causa que o orixina.

i) Actividade que desenvolve, con indicación do código de Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

j) Obxecto ou finalidade.

k) Estrutura de dominio, con indicación da porcentaxe de participación ou financiamento e do dereito de voto de cada un dos partícipes.

l) Fontes de financiamento.

m) Réxime orzamentario, contable e de control.

n) Condición de medio propio, de ser o caso, de conformidade co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

ñ) Para o caso das entidades integrantes do sector público institucional estatal, tamén se incluírá a información relativa á súa clasificación, de conformidade co previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

2. Ademais, no Inventario poderase consignar calquera outra información relativa ás entidades integrantes do sector público institucional que se considere de utilidade para todas as administracións.

Artigo 10. *Tipos de asentos.*

1. Realizaranse os seguintes asentos:

a) De rexistro da solicitude: consignará a solicitude de inscrición.

b) De inscricións no Inventario: rexistraranse os datos a que se refire o artigo 9, así como as súas actualizacións e modificacións.

c) De anotacións provisionais: reflectirán o carácter transitorio de calquera inscrición.

2. En todo caso, quedará constancia da data en que se realiza o asento.

Artigo 11. *Rectificación de erros.*

Os erros materiais, de feito ou aritméticos que se detecten no contido dos asentos serán rectificadas de oficio ou por instancia do titular do máximo órgano de dirección da entidade en calquera momento.

CAPÍTULO IV

Información que cómpre remitir e procedemento de inscrición

Artigo 12. *Réxime xurídico.*

Os procedementos de inscrición no Inventario axustaranse ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e neste regulamento.

Artigo 13. *Obrigatoriedade da inscrición.*

Terán carácter obrigatorio os actos inscricións que se enumeran no artigo seguinte.

Igualmente, a inscrición da entidade no Inventario será requisito necesario para obter o número de identificación fiscal definitivo da Axencia Estatal de Administración Tributaria para as entidades de nova creación.

Artigo 14. *Actos inscricións.*

Efectuaranse as seguintes inscricións, a través de dous procedementos:

1. Inscricións por solicitude do titular do máximo órgano de dirección, notificadas a través da Intervención Xeral da Administración correspondente:

a) De constitución de entidades: a solicitude de inscrición de constitución de entidades efectuarase no caso de creación dunha nova entidade do sector público institucional.

b) De transformación de entidades: efectuarase cando se produza un cambio na natureza xurídica da entidade.

c) De incorporación de entidades ao sector público institucional procedentes do sector privado: terá lugar como consecuencia da toma de participación, ou ben polo cumprimento dos requisitos establecidos para o efecto para que a entidade adquira a condición de ente do sector público institucional.

d) De fusión de entidades: levarase a cabo cando teñan lugar operacións de fusión entre varias entidades, xa sexa mediante a constitución dunha nova entidade do sector público institucional ou mediante a absorción dunha ou varias por outra entidade do sector público institucional xa existente.

e) De liquidación de entidades: efectuarase no caso de entidades que entren en proceso de liquidación como consecuencia do acordo de disolución da entidade do sector público institucional.

f) De extinción: levarase a cabo cando a entidade en cuestión deixe de formar parte do sector público institucional.

g) De modificación: a solicitude de inscrición de modificación ou actualización dos datos xa inscritos no Inventario levarase a cabo cando se produza unha variación da información referida aos datos contidos no artigo 9.

Se da información recibida na Intervención Xeral da Administración do Estado, con independencia da súa procedencia ou finalidade, se deduce a modificación de calquera dato contido no artigo 9, o responsable do Inventario dirixirase á entidade en cuestión para que, de ser o caso, o titular do máximo órgano de dirección da entidade inicie o procedemento de inscrición correspondente no Inventario.

Así mesmo, as intervencións ou órganos equivalentes das comunidades autónomas e entidades locais poderanlles requirir ás entidades incluídas nos seus respectivos ámbitos que presenten a solicitude de inscrición en caso de teren coñecemento de que se realizaron actuacións que impliquen unha modificación dos datos reflectidos no Inventario.

2. Inscricións de oficio, que terán lugar nos seguintes casos:

a) Baixa da entidade, cando a solicitude de modificación de datos relativos á súa estrutura de dominio supoña a perda da condición de entidade pertencente ao sector público institucional, ao pasar esta ao ámbito do sector privado.

b) Unha vez inscrita a fusión por parte da entidade absorbente, procederase de oficio a inscribir a extinción da entidade ou entidades absorbidas.

c) Se a fusión dá lugar á constitución dunha nova entidade do sector público institucional coa extinción dunha ou varias entidades inscritas no Inventario, procederase de oficio á extinción destas no momento en que se inscriba a nova entidade.

d) Poderanse inscribir de oficio o dato relativo ao NIF da entidade, así como o dato relativo á clasificación en termos de contabilidade nacional, de conformidade cos criterios metodolóxicos de clasificación institucional establecidos polo Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea.

e) Ademais, poderase inscribir de oficio a emenda dos erros materiais, de feito ou aritméticos que se detecten no contido dos asentos.

Artigo 15. Medios de remisión das solicitudes de inscrición.

1. As solicitudes de inscrición presentarase por medios electrónicos, a través dos medios informáticos e telemáticos habilitados para o efecto pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e acreditaranse mediante un certificado electrónico recoñecido ou cualificado dos previstos no artigo 9.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. As ditas solicitudes achegaranse a través de formularios electrónicos normalizados, de acordo coas especificacións que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado, tendo en conta o contido a que se refire o artigo 17.

3. O formulario de solicitude será asinado electronicamente mediante un sistema de sinatura dos previstos no artigo 10.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de acordo coa Resolución do 14 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral de Administración Dixital, pola que se establecen as condicións de uso de sinatura electrónica non criptográfica nas relacións dos interesados cos órganos administrativos da Administración xeral do Estado e cos seus organismos públicos.

4. A aplicación informática en que se proporcionen os medios informáticos e telemáticos a que se refire o número 1, así como os requiridos para a xestión de toda a estrutura do Inventario: rexistro, arquivo e libro de inscricións, definida no artigo 5, deberá ser obxecto de aprobación mediante resolución do titular da Intervención Xeral da Administración do Estado.

As resolucións de aprobación definirán os aspectos relativos:

a) Á legalidade da aplicación informática: adecuación do funcionamento da aplicación informática aos requisitos e trámites do procedemento.

b) Á seguridade da aplicación: preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos tratados pola aplicación.

c) Á normalización dos medios de acceso: especificacións técnicas sobre os medios e formatos de acceso.

d) Á conservación dos soportes utilizados: proporción entre a durabilidade dos soportes e o tempo durante o cal se deben manter os datos incluídos neles.

Artigo 16. *Presentación de solicitude de inscrición.*

1. De conformidade co artigo 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, corresponde ao titular do máximo órgano de dirección da entidade, directamente para entidades de ámbito estatal ou, no caso das entidades integrantes do sector público autonómico e local, a través da Intervención Xeral ou órgano equivalente da Administración autonómica ou local correspondente, a presentación da solicitude de inscrición de creación, transformación, fusión ou extinción de entidades do sector público institucional.

No caso de entidades que dependen de varias administracións, sen que ningunha delas teña o control pero no seu conxunto a entidade sexa pública, a solicitude realizarase á Intervención Xeral da Administración do Estado.

2. Enténdese por titular do máximo órgano de dirección o presidente ou director da entidade.

3. Non obstante, para as entidades de nova creación en que non estean nomeados os cargos de presidente ou director, terá a consideración de titular do máximo órgano de dirección a persoa encargada de levar a cabo os trámites necesarios para a constitución da entidade.

4. Se a entidade for unha filial estranxeira, o titular do máximo órgano de dirección será o que corresponda á entidade matriz de que dependa.

5. Para o caso de fusión por absorción, o titular do máximo órgano de dirección da entidade absorbente, pertencente ao sector público institucional, iniciará a solicitude de inscrición da fusión.

6. Se a entidade en cuestión se encontra en proceso de liquidación, terá a consideración de titular do máximo órgano de dirección o liquidador. Se se encontra en concurso de acredores, corresponderalle ao administrador concursal.

7. O titular do máximo órgano de dirección poderá delegar a súa competencia ou actuar por medio de representante, de ser o caso, para solicitar calquera acto de inscrición da entidade no Inventario. A representación poderase acreditar mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

Artigo 17. *Formulario e documentación que se debe achegar coa solicitude.*

1. O formulario normalizado que deberá cubrir telematicamente o titular do máximo órgano de dirección conterá, segundo corresponda ao acto inscribible, os datos establecidos no artigo 9.

2. Coa solicitude deberase xuntar, segundo o acto inscribible, a seguinte documentación en formato electrónico:

a) A escritura pública de constitución inscrita no correspondente rexistro público, de ser o caso, a escritura de compravenda da participación, o convenio de creación da entidade ou as súas addendas, os estatutos actualizados e a copia ou enlace á publicación electrónica do boletín oficial en que se publicou a norma pola cal se crea a entidade ou a norma pola cal a entidade adquire unha forma xurídica diferente, así como o plan de actuación, de ser o caso.

b) O acordo e a memoria xustificativa da fusión.

c) O acordo de disolución e inicio do proceso de liquidación adoptado polo órgano de goberno.

d) O acordo de extinción adoptado polo órgano de goberno da entidade ou a norma que determina a extinción e as inscricións efectuadas en calquera outro rexistro que sexa de obrigado cumprimento.

e) Os estatutos modificados, a acta do acordo do órgano de goberno onde se reflecta a modificación ou actualización do dato, a norma onde se reflecta a dita modificación ou un certificado das variacións producidas coa documentación que a xustifique.

f) Calquera outra documentación xustificativa do acto en cuestión.

Artigo 18. *Prazo de presentación e recepción de solicitudes.*

1. O prazo para presentar a solicitude será de trinta días hábiles contados a partir do momento en que se produce o acto xurídico obxecto de inscrición.

2. A validez da documentación que, de ser o caso, se deba xuntar xunto coa solicitude quedará acreditada pola declaración responsable do suxeito que a presenta, de acordo co disposto no artigo 16.

3. A solicitude de inscrición presentarase na Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da aplicación informática a que se refire o artigo 15.4.

Tras a presentación da solicitude de inscrición, a aplicación informática da Intervención Xeral da Administración do Estado emitirá e proporcionará automaticamente un xustificante de recepción selado electronicamente, mediante un selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado dos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, que será posto automaticamente á disposición do suxeito que presente a solicitude de acordo co artigo 16, co seguinte contido:

a) O número ou código de entrada asignado á solicitude de inscrición.

b) A data e a hora de presentación.

c) O contido do formulario de solicitude establecido no artigo 17.

d) De ser o caso, a enumeración e denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación, seguida da pegada electrónica de cada un deles. Para estes efectos, enténdese por pegada electrónica o resumo que se obtén como resultado de aplicar un algoritmo matemático de compresión *hash* á información de que se trate. O xustificante de recepción mencionará o algoritmo utilizado na elaboración da pegada electrónica.

e) A información do prazo máximo establecido normativamente para a resolución e notificación do procedemento, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo.

Artigo 19. *Tramitación e resolución do procedemento.*

1. O responsable do Inventario cualificará as solicitudes e a documentación preceptiva adxunta, verificando se os formularios normalizados están debidamente cubertos e a documentación achegada se axusta ao disposto neste regulamento.

Unha vez cualificadas, ditará resolución motivada en que se acorde ou se denegue a inscrición. A resolución será asinada electronicamente, mediante sinatura electrónica baseada nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado dos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. Se as solicitudes non reúnen os requisitos preceptivos, requirirase telematicamente o titular do máximo órgano de dirección da entidade, a través da aplicación informática regulada no artigo 15.4, para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue ou rectifique a documentación obrigatoria, con expresa indicación de que, se non o fai, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 20. *Prazo para ditar resolución, notificación e efectos do silencio administrativo.*

1. O prazo para ditar e notificar a resolución dos procedementos de inscrición será de quince días hábiles contados desde a data de entrada da solicitude no Inventario.

2. A resolución do procedemento e, de ser o caso, o certificado de inscrición serán notificados electronicamente ao titular do máximo órgano de dirección da entidade.

En calquera momento, o titular do máximo órgano de dirección da entidade poderá acceder ao certificado de inscrición rexistral a través da aplicación informática descrita no artigo 15.4.

3. Transcorrido o prazo sinalado no punto primeiro sen terse ditado e notificado resolución expresa, o titular do máximo órgano de dirección da entidade poderá entender estimada a solicitude.

Artigo 21. *Intercambio de información.*

1. O responsable do Inventario facilitará ao resto de administracións a información que necesiten para o eficaz exercicio das súas competencias, en cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas establecido no artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. En particular, facilitarase a información que requiran os órganos competentes para a coordinación e xestión da información económico-financeira das comunidades autónomas e entidades locais e para a aplicación e seguimento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e da súa normativa de desenvolvemento.

2. Así mesmo, o responsable do Inventario comunicarlle á Axencia Estatal de Administración Tributaria as entidades do sector público institucional de nova creación que fosen inscritas e ambos facilitaranse reciprocamente a información que precisen para o cumprimento das respectivas funcións.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado porá á disposición da central de información económico-financeira das administracións públicas información homoxénea actualizada dos entes incluídos no ámbito subxectivo da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.